

ACORDO SOBRE CRITERIOS DE XESTIÓN DE LISTAS DE AGARDA DE PAS FUNCIONARIO

Na reunión mantida o 24 de setembro de 2019, entre a Xerencia da Universidade de Vigo e a Comisión de seguimento dos acordos de 2009, sobre selección temporal, acceso interno e adscrición provisional e sobre criterios de incorporación e cesamento do PAS da Universidade derivados dos procesos de provisión e selección, acadouse o seguinte acordo, de aplicación unicamente para as listas de agarda de PAS funcionario.

ACORDO

En relación aos criterios de xestión establecidos no acordo sobre selección temporal, acceso interno e adscrición provisional do PAS desta universidade, resolución do 31 de marzo de 2009 (DOG nº 67 do 7 de abril, en concreto no relativo ao disposto no artigo 5.2

5.2. Os/as aspirantes que figuren nas listas e formalizasen un contrato serán chamados/as pola súa orde e poderán optar por manterse nese contrato ou ben subscribir outro, sempre que o novo contrato ofertado corresponda:

- a) A unha categoría diferente de distinto grupo de clasificación.*
- b) A unha categoría distinta do mesmo grupo de clasificación profesional.*
- c) A unha interinidade en vacante.*
- d) A unha substitución, obra ou eventualidade dunha duración previsible igual ou superior a seis meses.*
- e) A localidade de residencia: esta exercerase tras a petición do/a traballador/a entendendo como localidade, en primeiro lugar, as cidades de Vigo, Ourense e Pontevedra e, en segundo lugar, a provincia de Pontevedra e Ourense. Naqueles casos en que o criterio de provincia resulte contrario aos fins de proximidade do traballo ao domicilio, trataranse na comisión de seguimento para a súa resolución.*

Producido o cesamento por finalización do contrato, as/os traballadoras/es permanecerán na lista de agarda na orde de prelación orixinaria.”


Acórdase establecer, soamente para as listas de agarda de PAS funcionario, os seguintes criterios de xestión:

1. O persoal nomeado funcionario interino en vacante ou de duración igual ou superior a 6 meses non poderá optar por outro contrato cando se trate do apartado d) do Acordo.
2. Ao persoal nomeado funcionario interino en vacante non se lle realizará a oferta prevista no apartado c), agás que se trate de postos vacantes da mesma escala e superior nivel de complemento de destino.

Este acordo producirá efectos e será de aplicación a partir do 30 de setembro de 2019.

E, en proba de conformidade, asinan este acordo ambas partes en data vinte e cinco de setembro de dous mil dezanove.

Pola Universidade de Vigo
A xerenta



Raquel María Souto García

Pola Xunta de Persoal de PAS Funcionario
O presidente



Xoán M. Cebro Rodríguez